



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE EDUCADOR/A FAMILIAR, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022 DE ESTABILIZACION DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE PONTECESO

Pola resolución da Alcaldía núm. 386/2022 de data 27 de maio de 2022, publicada no BOP núm. 102 de data 31-05-2022, aprobouse a Oferta de Emprego Público de carácter extraordinario para a estabilización do emprego temporal do exercicio 2022 deste concello, consonte ao establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, sometida previamente á mesa xeral de negociación coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal, as máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia e aos sindicatos que obtivesen o dez por cento ou máis de representación nas eleccións para delegados e xuntas de persoal celebradas no Concello de Ponteceso, de conformidade co establecido no artigo 37.1.I) do RDL 5/2025, polo que se aproba o TREBEP, e 149.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, concorrendo CSIF, CIG e UGT.

No BOP núm. 245 do 28 de decembro de 2022 e no taboleiro da sede electrónica municipal publicáronse integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria e provisión das prazas incluídas na OPE extraordinaria de estabilización do emprego temporal 2022 do Concello de Ponteceso, aprobadas pola resolución de Alcaldía núm.1050/2022 do 20-12-2022, corrixida a mesma polas resolucións núm. 1066/2022 do 22-12-2022 e 96/2023 do 02-02-2023, publicándose, así mesmo, un extracto da convocatoria no DOG núm. 14 de 20 de xaneiro de 2023. No BOE núm. 31 de 6 de febreiro de 2023 publícase un extracto da convocatoria polo que o período de presentación de solicitudes para participar nos procesos selectivos convocados abriuse o día 7 de febreiro de 2023, permanecendo aberto ata o día 6 de marzo de 2023, ambos inclusive.

Pola resolución de Alcaldía núm. 208/2023 do 16-03-2023 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas das distintas prazas convocadas, resultando publicada no BOP núm. 56 do 22-03-2023, no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica municipal, outorgándose un prazo de 10 días hábiles para a emenda das solicitudes excluídas e nomeando aos membros dos tribunais que vulgarán os procesos selectivos. Pola resolución da alcaldía núm. 334/2023 do 22-04-2023 aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e convocouse aos membros do tribunal para o comezo dos procesos selectivos, establecendo o comezo dos procesos selectivos na data de 04-05-2023, ás 9:00 horas no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso, aos efectos da súa constitución e posterior realización da fase de concurso mediante a valoración dos méritos presentados polos/as aspirantes admitidos/as para a praza de EDUCADORA FAMILIAR, debendo presentarse a dita hora os aspirantes que non acreditaron o requisito de coñecemento da lingua galega esixido na correspondente convocatoria para a realización da proba prevista na base xeral 6.3 e na específica Terceira.2.

Sendo as 10.16 horas do día 4 de maio de 2023 no Salón de Plenos do Concello de Ponteceso concorren os seguintes membros do tribunal:

Presidenta: D^a. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso.

Secretario: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario do Concello de Ponteceso.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Vogais: D^a. Antía Pena Dorado, Secretaria do Concello de Ponteceso; D. Emilio Caínzos Quintás, Técnico de Administración Xeral-coordinador xeral do Concello de Ponteceso; e D^a. María José Sueiro Pose, funcionaria do Concello de Ponteceso.

Asiste como observador o representante sindical de CSIF D. Alejandro Rodríguez Cruz.

A presidenta declara constituído o tribunal de selección, e comézase a valorar a fase concurso, consonte ao establecido nas Bases Xerais e Específicas, salientando que o tribunal cinguirase ao establecido nas mesmas:

Base específica sexta:

“Sexta.- Sistema de selección e valoración de méritos.

O sistema de selección será, de conformidade co art. 61.6 e 7 do TREBEP, o excepcional de concurso, ao reunir a praza convocada os requisitos establecidos para estes procesos, ao estar ocupada con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 01/01/2016 e as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior a 1 de xaneiro de 2016 (Disposición Adicional 6ª e 8ª).

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos alegados e debidamente acreditados polos aspirantes á data establecida, de conformidade co baremo que se indique nas correspondentes bases específicas de cada convocatoria.

A valoración máxima será de 100 puntos.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude de participación ou non acreditados documentalmente durante o prazo de presentación.

Con carácter xeral serán méritos avaliáveis nesta fase os seguintes méritos, de acordo co baremo que se indica:

1. Méritos profesionais: 70 puntos

- Servizos prestados no mesmo corpo, escala, categoría ou denominación equivalente do Concello de Ponteceso, en calidade de persoal temporal: 1,00 punto por mes completo*
- Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou denominacións equivalentes doutras Administracións públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal: 0,50 punto por mes completo.*

Para acreditar a experiencia laboral no Concello de Ponteceso realizarase de oficio a certificación acreditativa dos solicitantes. Para acreditar a experiencia laboral nas restantes Administracións Públicas aportaranse os certificados expedidos pola secretaría das mesmas, ou órgano correspondente así como o informe de vida laboral completo expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social no que conste o período, categoría e grupo de cotización. Non se terán en conta os períodos inferiores a un mes.

Os servizos prestados a tempo parcial reduciranse proporcionalmente, agás no caso das prazas que se convocan como persoal laboral indefinido fixo discontinuo a tempo parcial

2. Outros méritos: 30 puntos

- Formación e capacitacións profesionais (puntuación máxima deste apartado: 30,00 puntos)*



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Só se valorarán as accións formativas debidamente, impartidas por Centros Oficiais e demais Administracións Públicas, centros acollidos ao Plan de Formación continua das Administracións Públicas, Universidades, Organizacións Sindicais ou Colexios Profesionais, ou ben por calquera organismo sempre que fosen oficialmente recoñecidos e homologados por un organismo público, cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros. Nas prazas de condutores valoraranse tamén os méritos relativos a formación nas materias de electricidade, manexo de maquinaria e outros relacionados coas prazas. Acreditaranse por medio do certificado e no que deberá figurar o número de horas e o seu contido. Os cursos de menos de 8 horas de duración non serán valorados. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen menos de 8 horas e polo tanto non serán valorados. Valorarase a posesión de titulación académica oficial superior á esixida como requisito para o acceso á praza obxecto de estabilización

Puntuarase:

- Por grupos e subgrupos, asimilados, e en función da titulación esixida na correspondente praza a proveer, a táboa de puntuacións por cursos de formación será seguinte:
Subgrupo AP ou asimilado (G.Prof. I): (0,100 puntos hora)
- Pola acreditación de titulación académica oficial superior á esixida como requisito para o acceso á praza obxecto de estabilización: 2 puntos.
- Polo coñecemento da lingua galega:

Para todos os Grupos Profesionais ou subgrupos ou asimilados, en que se encontre encadrada a praza obxecto de cobertura:

Por ter acreditado un nivel superior de coñecemento da lingua galega ao esixido en cada convocatoria: 1 punto.

Por ter o curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga: 1,5 puntos.

Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 2 puntos.

No caso de acreditar máis dun grao de coñecemento da lingua galega, só se computará o superior.

.....”

No caso de obter puntuacións iguais entre os aspirantes, para o desempate resolverase segundo o disposto na base xeral 9, a cal establece:

“9. Criterios de desempate

Para ambos sistemas de estabilización, concurso-oposición (art. 2 da Lei 20/2021) como no excepcional de concurso (Disposicións Adicionais 6ª e 8) no caso de empate entre os candidatos resolverase da seguinte forma:

1º.- Estar ocupando unha das prazas obxecto da convocatoria.

2º.- Maior antigüidade recoñecida na Administración Pública convocante.

3º.- Maior antigüidade recoñecida nas restantes Administracións Públicas.

4º.- No caso de persistir o empate resolverase a favor do aspirante de maior idade.”



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

O tribunal acorda que na presente convocatoria só se valorarán, consonte ás bases, os méritos profesionais en postos de traballo de denominación equivalente ao posto convocado (Educadora Familiar) con similitude de funcións, sexan do Concello de Ponteceso ou outras Administracións Públicas. Deberanse acreditar os correspondentes ao Concello de Ponteceso coa certificación expedida pola secretaría e os correspondentes a outras Administracións Públicas mediante a certificación correspondente e o informe de vida laboral, tal como esixen as bases. Con respecto a outros méritos valoraranse con suxeición á literalidade das bases, non se valorarán os cursos que non teñan relación coas funcións da praza a proveer, agás os considerados de formación transversal.

Realizada a valoración de méritos da fase concurso o tribunal, por unanimidade, outorga as seguintes puntuacións, ordenadas de forma decrecente:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	MÉRITOS PROF.	OUTROS MERITOS	PUNT. TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9 > IDADE
1	BLANCO VERDÍA, MARIA DOLORES	***9628**	70,00	30,00	100,00	
2	GONZÁLEZ BORRAJO, RAQUEL	***0381**	13,15	30,00	43,15	
3	SIO DOCAMPO, MAITE	***3298**	11,00	30,00	41,00	
4	ESCOURIDO RAPA, M ^a CRISTINA	***3783**	20,00	19,10	39,10	
5	LÓPEZ TEIJEIRA, MARTA	***9526**	0,00	30,00	30,00	1975
6	BARREIRA CHAO, MARIA TATIANA	***9055**	0,00	30,00	30,00	1978
7	BLANCO SANGUINEDO, CRISTINA	***3716**	0,00	30,00	30,00	1986
8	COUSILLAS FIGUEIRAS, MALAIKA	***9602**	0,00	28,70	28,70	
9	MARIÑO NEIRA, LARA	***1040**	0,00	11,00	11,00	
10	LEIS RODRÍGUEZ CARLA	***3716**	0,00	0,00	0,00	

De conformidade coa base xeral 12, o tribunal procederá con suxeición á mesma: “Finalizado o proceso de selección, o Tribunal Cualificador elevará a relación de aprobados, pola orde de puntuación alcanzada, con indicación do documento nacional de identidade -na forma prevista legalmente para a protección dos datos de carácter persoal-, así como as notas parciais de todas e cada unha das fases do proceso selectivo, ao órgano competente para a resolución do proceso selectivo, que así mesmo ordenará a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos e sede electrónica do Concello”.

Polo que, finalizado o proceso de selección, consonte ás valoracións outorgadas o tribunal, por unanimidade, unha vez excluídos os aspirantes que obtiveron 0 puntos, acorda:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Primeiro.- Declarar aprobada á aspirante que obtivo a maior puntuación, e elevar a proposta de contratación para a praza de EDUCADORA FAMILIAR, persoal laboral fixo, grupo profesional I, asimilado a subgrupo funcionarios A1, sendo a seguinte:

BLANCO VERDÍA, MARÍA DOLORES- DNI: *9628****

Segundo.- Elevar a proposta de formación da bolsa de emprego para a categoría de EDUCADORA FAMILIAR composta polos aspirantes non aprobados, consonte ao establecido na base xeral 16, procedendo nos casos de empate segundo o establecido na base xeral 9, ao non darse os casos previstos nos tres primeiros apartados, procédese consonte ao criterio de desempate 4, maior idade:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PUNT. TOTAL	DESEMPATE BASE XERAL 9 > IDADE
1	GONZÁLEZ BORRAJO, RAQUEL	***0381**	43,15	
2	SIO DOCAMPO, MAITE	***3298**	41,00	
3	ESCOURIDO RAPA, MARIA CRISTINA	***3783**	39,10	
4	LÓPEZ TEIJEIRA, MARTA	***9526**	30,00	1975
5	BARREIRA CHAO, MARIA TATIANA	***9055**	30,00	1978
6	BLANCO SANGUINEDO, CRISTINA	***3716**	30,00	1986
7	COUSILLAS FIGUEIRAS, MALAIKA	***9602**	28,70	
8	MARIÑO NEIRA, LARA	***1040**	11,00	

Sendo as 11.20 horas do día 4 de maio de 2023, a presidenta dá por rematada a sesión do tribunal, e redáctase e asínase a presente acta.

A presidenta

O secretario

Os vogais: